



RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se declara a procedencia ou improcedencia da concesión da comisión de servizos por motivos da conciliación da vida familiar e laboral, reguladas pola Orde do 9 de xuño de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 19 de xuño).

De conformidade co disposto no artigo 7 da Orde do 9 de xuño de 2017 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, e de acordo coa proposta da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 6,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o listado definitivo de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Ordenar a publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, do listado definitivo de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral declaradas procedentes e improcedentes.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería, <http://www.edu.xunta.es>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

